

O Real Decreto 1892 / 2008 de 14 de novembro polo que se regula as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas, de aplicación nas probas de acceso á universidade (PAAU) de **xuño de 2010** e seguintes convocatorias, establece no seu artigo 14 que na fase específica da proba de acceso para os estudantes que acceden a titulacións de Grao dende o Bacharelato LOE, as Universidades deberán ponderar as materias desta fase e publicar as ditas ponderacións “ao comezo do curso correspondente”. Na actualidade debemos entender este artigo como referido ao curso académico 2009-2010.

Neste senso as Universidades galegas deberían, publicar as ditas ponderacións para cumprir o decreto a comezo deste curso. Non entanto desde a CIUG entendemos que debería ser o antes posible, en aras de que os estudantes que estaban cursando primeiro de bacharelato poideran elixir as materias de segundo de bacharelato con información suficiente ao respecto. A matrícula do estudantado de segundo de bacharelato tivo lugar a finais do mes de xuño de 2009.

Polo tanto os estudantes que este curso fixeron primeiro de bacharelato xa tiveron que elixir materias antes da publicación do RD, de xeito que o fixeron en función da normativa anterior. Nalgúns casos as materias elixidas de modalidade en primeiro curso condicionan a súa elección en segundo curso e a decisión tomouse xa con criterios de elección de titulacións.

Na CIUG temos traballado, neste senso, nunha solución transitoria que estableza ponderacións que non prexudiquen ao estudantado, homoxénea para as tres universidades galegas e co obxectivo de facilitar a mobilidade e o traspaso do antigo sistema ao novo sistema, de xeito que permita con máis tempo ás universidades e aos responsables dos graos tomar decisión sobre as futuras ponderacións das materias de bacharelato. Na CIUG entendemos que esta é a solución pertinente a cal foi remitida aos órganos correspondentes de toma de decisións para a súa posterior publicación na web da CIUG.

Antes do cambio no Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a persoa responsable do tema anunciou en diversos foros un posible cambio no anexo

referido a adscrición de materias de bacharelato a ramas de coñecemento, feito polo que na CIUG agardabamos este novo anexo. Finalmente a modificación do anexo **publicouse no BOE do 29 de maio de 2009**.

Dado o avanzado do calendario, entendemos que o máis cauto foi traballar tendo en conta os estudos e ramas de coñecemento e as materias vinculadas ás actuais vías e as materias propias de modalidade.

Os criterios que se seguiron para establecer os valores de ponderación das materias de bacharelato e de formación profesional que se utilizarán para o cálculo da calificación da nota de acceso para admisión aos estudos de grao do sistema universitario galego **exclusivamente no curso 2010-2011** son os seguintes:

- Ponderar con 0,2 as asignaturas propias de modalidade de 2º de bacharelato que se consideraban ata agora vinculadas ás vías que daban acceso ao título LRU correspondente.
- Ponderar con 0,1 as asignaturas propias de modalidade de 2º de bacharelato consideradas ata agora non vinculadas ás vías que daban acceso ao título LRU correspondente.
- Ponderar con 0,0 o resto das asignaturas de bacharelato

As materias foron ponderadas para os graos que se impartirán no Sistema Universitario Galego durante o curso 2009-2010. Mais ao longo deste curso se incorporarán na oferta docente do SUG mais graos. Se procederá a publicar as ponderacións para estes no momento en que estean aprobados polas universidades, verificados por ANECA e autorizados pola autoridade educativa.

Para o acceso e admisión do curso 2011-2012 será de aplicación a orde **EDU/1434/2009, de 28 de maio de 2009 (BOE do xoves 4 de xuño de 2009)** pola que se actualizan os anexos do RD 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións de acceso ao ensino universitario oficial de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.

As ponderacións das materias vinculadas aos graos serán establecidas polas Universidades cumprindo a devandita orde e publicadas ao longo do próximo curso.

Santiago, 7 de xullo do 2009

Asdo.: Manuel R. Bermejo Patiño

Presidente da CiUG